

SESION EXTRAORDINARIA DE 21 DE MAIO DE 2019

(Acta Número 06)

Sr. Presidente:

Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo
D. Alvaro Santos Ramos
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Lino Rodríguez Onega
D. Eduardo Vidal Baamonde
D^a. M^a. Elena Candia López
D. Xosé Ferreiro Fernández
D. Manuel Martínez Núñez
D. Juan Carlos Armesto Quiroga
D. Antonio Veiga Outeiro
D. Miguel Angel Sotuela Vega
D. José Antonio García López
D^a. M^a. Angeles Teijeiro González
D. Ramiro Moure Ansoar
D. José Ulla Rocha
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José Manuel Yanes Ginzo
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Pardo Lombao
D. Jesús Carreira Ferreiro
D. Jesús Manuel Núñez Díaz

Secretaria:

D^a. María Esther Alvarez Martínez

Interventora:

D. Fernando Seijas Puga

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e un de maio de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnense os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada para este efecto.

Actúa a Secretaria D^a. María Esther Alvarez Martínez, e asiste como Interventor D. Fernando Seijas Puga, Xefe do Servizo de Contabilidade e Contas.

Non asiste a Sra. Deputada D^a. Sonsoles López Izquierdo.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

**COMISION DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA A CONSELLOS E MEDIO
AMBIENTE**

**1.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN ÚNICO DE
COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019.**

Logo de ver a proposta da Presidencia en relación co asunto que se sinala no epígrafe, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaría Xeral, relativo ao Plan Provincial único de cooperación cos concellos 2019, que dispón o seguinte:

“ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 26 de febreiro de 2019, por unanimidade, acordou prestar aprobación ás bases do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019.

SEGUNDO.- No BOP nº 52, de data 2 de marzo de 2019, publicáronse as ditas bases do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, nas que se establecía un prazo de presentación de solicitudes de un (1) mes a partires do día seguinte á publicación destas no BOP.

TERCEIRO.- Todos os concellos presentaron as súas propostas en prazo, agás os Concellos de Samos e Rábade, requiríndolles aclaracións ou documentación de engádega a aqueles que ou non estaba completa ou se necesitaba de algunha aclaración ou ben corrección de erro. Trámites que se desenvolveron ponderando especialmente os principios marcados polo artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, nas relacións entre as administracións públicas, así como os deberes de colaboración do artigo 141 LRXSP.

No que refire aos concellos de Samos e Rábade, que presentaron o Anexo I de solicitude de investimentos e actuacións fora do prazo inicialmente establecido, cabe admitir a solicitude de aplicación do importe que lle corresponde a cada Concello, en virtude do establecido no artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre o cumprimento de trámites, na ordenación do procedemento, ao establecer, en coincidencia co previsto no artigo 76.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, (derrogada), que os interesados que non dean satisfacción ao cumprimento dos trámites que lles corresponde, poderá declarárselles decaídos no seu dereito a ese trámite concreto. Non obstante, admitirase a actuación e producirá efectos legais, si se produciran antes ou dentro do día que se notifique a resolución no que se teña por transcrido o prazo. Neste caso concreto non se iniciou o trámite de declaración da perda do dereito ao trámite de indicar os investimentos e actuacións a incluír no PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN 2019, e polo tanto debe entenderse que a actuación por iniciativa propia de achega do Anexo I, indicando os investimentos e actuacións a incluír en cada programa dos previstos nas bases do Plan único 2019, por parte dos Concellos de Samos e Rábade, debe entenderse presentadas dentro do prazo en aplicación do artigo 73.3 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

Neste sentido pode invocarse a sentenza 1342/2018, do 19 de xullo (Rec 3622/2017), do Tribunal Supremo, no sentido de que non se pode ter por decaído no seu dereito ao solicitante que presenta a documentación requirida fora do prazo outorgado, pero antes da declaración de desestímulo ou a Sentenza 497/2018 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Neste sentido, cabe mencionar que as bases do Plan único non anoan consecuencias “fatales” ou de exclusión á circunstancia de non presentar en prazo as solicitudes (base 15). Debe terse en conta o principio de “proporcionalidade” e a boa fe, xunto coa lealdade institucional, unido ao efecto útil do procedemento administrativo.

Non é finalidade da administración Provincial cernar procedementos canalizados para servir ao interese xeral e moi especialmente no plan que nos ocupa, dando cumprimento á competencia e responsabilidade do ente Provincial de cooperar cos Concellos.

As contías asignadas aos Concellos están distribuídas e repartidas en base a criterios obxectivos (ver base 11 sobre criterios de distribución do plan único).

No propio anexo VI, das bases do Plan (BOP nº 52 do 02/03/2019), precísase a contía atribuída a cada Concello, en aplicación daqueles criterios obxectivos. Non se prevé nas bases o acrecemento a outros concellos, como consecuencia da non presentación de solicitudes en prazo ou adecuadamente.

En consecuencia, non se observa un detrimento ou perda; non existe ningunha circunstancia competitiva na tramitación, senón unha ordenación procedemental para alcanzar os obxectivos do plan. Estas foron as pautas aplicadas, polos centros xestores, desde que se comezou a implantar e aplicar o plan único, de sorte que existen numerosos precedentes en distintas tramitacións dos plans precedentes; tamén na propia elaboración deste plan, con ocasión das innumerables melloras e correccións que houbo que xestionar para poder presentar o documento do plan único.

CUARTO.- Pola Unidade de Obras e Plans –Servizo de Contratación e Fomento-, con responsabilidade na elaboración do plan, unha vez recibidas as solicitudes dos Concellos, pasouse ao estudo e análise destas, para a súa comprobación, dando traslado en data 10 de abril de 2019, do Anexo I –solicitud- e do Anexo II –memoria do plan-, aos distintos servizos ou áreas encargadas da xestión segundo o programa de que se trate, a fin de que emitan informe relativo ao cumprimento do estipulado nas bases.

- Programa de axuda no fogar: área de benestar*
- Programa de Fomento do Emprego: área de emprego*
- Programa de actividades culturais: área de cultura e turismo*
- Programa de actividades deportivas: área de deportes*
- Programa de administración electrónica e protección de datos: Servizo de novas tecnoloxías*
- Programa de actuacións/eventos turísticos: área de turismo e cultura*

- *Programas de Protección civil e de Feiras, mercados e análogos Servizo de Contratación e Fomento: Unidade de Fomento.*

QUINTO.- Pola Unidade de Obras e Plans –Servizo de Contratación e Fomento-, con responsabilidade na elaboración do plan, comprobouse o cumprimento da determinación especificada na base 5, relativa a que a suma dos importes destinados aos programas C4 (actividades culturais); C5 (actividades deportivas); C6 (actuacións/eventos turísticos); C7 (feiras, mercados ou análogos) e C8 (administración electrónica e protección de datos) non superan o 30% da contía atribuída a cada Concello nesta anualidade do Plan único, tal como establecen as bases.

SEXTO.- En data 07 de maio de 2019 emítase informe pola área de Benestar Social, en relación co programa de axuda no fogar SAF, incluído no plan único 2019, no que analiza as solicitudes dos Concellos e o cumprimento do establecido nas bases, incorporado ao expediente, e no que entre outros manifesta “(...) que todos os concellos da provincia de Lugo de menos de 20.000 habitantes destinan ao financiamento do programa de axuda no fogar 2019 pertencente ao plan único de cooperación aos concellos 2019, como mínimo, unha contía igual ao importe da achega efectuada finalmente pola Deputación Provincial de Lugo para o mesmo programa na anualidade de 2016, con cargo ao convenio de colaboración asinado coa Deputación para eta finalidade, agás que na anualidade de 2017 este financiamento fose inferior, sendo esta cantidade a da referencia para establecer o mínimo a destinar á anualidade 2019 ...”

SÉTIMO.- En data 07 de maio de 2019, emítase informe da área de promoción económica e social, incorporado ao expediente, en relación co programa de Fomento do emprego, do plan único 2019, no que analiza as solicitudes dos Concellos e o cumprimento do establecido nas bases, e no que entre outros manifesta, “(...) de todo o anterior, cos datos obrantes na entidade e a xuízo da que informa, tódolos concellos compren cas obrigas requiridas no momento da solicitude no referido ó C3-Programa de fomento do emprego 2019. Sen prexuízo do posterior cumprimento das demais obrigas contidas no apartado 8 do referido Plan”.

OITAVO.- En data 07 de maio de 2019, emítase informe do servizo de contratación e fomento, en relación coas actividades incorporadas ao abeiro do programa feiras, mercados e outros e do programa de protección civil, do plan único 2019, no que analizan as solicitudes dos Concellos e o cumprimento do establecido nas bases, incorporado ao expediente, e no que entre outros manifesta, “(...) cos datos obrantes neste Servizo de Contratación e Fomento, e a xuízo do informante, tódolos Concellos cumpren co establecido nas bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2019, no relativo á solicitude de achegas para a Celebración de Feiras, Mercados e outros e para o Programa de Protección Civil”.

NOVENO.- En data 29 de abril de 2019, emítase informe da área de turismo e cultura, inserido no expediente, en relación as actividades do programa de actuacións/eventos turísticos, do Plan único, no que entre outros constan as actuacións/eventos ou actividades que os concellos solicitaron, así como o importe total do seu financiamento e as cantidades que se destinan aos mesmos, tanto da achega da Deputación Provincial a través do Plan único 2019, como a contía das aportacións que voluntariamente achegan os Concellos ou a través doutras fontes de financiamento, e no que entre outros particulares manifesta “...as actividades para as que se solicita achega provincial compren co establecido nas Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2019, e en concreto coa Base 3ª.C.6 –PROGRAMA DE ACTUACIÓNS/EVENTOS TURÍSTICOS e a Base 16ª.B.3 – DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA, ACTUACIÓNS/EVENTOS TURÍSTICOS”.

DÉCIMO.- En data 29 de abril de 2019, emítase informe da área de turismo e cultura, incorporado ao expediente, en relación coas actividades do programa actividades culturais, do Plan único, no que entre outros extremos constan as actividades que os concellos solicitaron, así como o importe total do seu financiamento e as cantidades que se aplican desde a Deputación Provincial a través do Plan único 2019, así como os importes das aportacións que voluntariamente aportan os Concellos ou a través doutras fontes de financiamento, e no que entre outros consta “... as actividades para as que se solicita achega provincial cumpren co establecido nas Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2019, e en concreto coa Base 3ª.C.6 – PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS e a Base 3ª.B.2 – ACTIVIDADES CULTURAIS”.

DÉCIMO PRIMEIRO.- En data 08 de maio de 2019, emítase informe do servizo de deportes, en relación coas actividades incluídas ao abeiro do programa de actividades deportivas, do Plan único 2019, no que polo que aquí interesa, reflíctese “(...)tendo en conta as circunstancias indicadas no punto anterior relativas as accións propostas polos distintos concellos e de acordo co reflectido na base 5ª que indica que en ningún caso poderán financiarse con cargo ao Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2019, gastos correntes para finalidades distintas das previstas nas súas Bases, precisando na base 3ª, C5 que con cargo a este Plan Único só se poderán financiar gastos correntes destinados, entre outras, a actividades deportivas-, considérase que os concellos relacionados no ANEXO I a este informe están a cumprir cos requisitos relativos a actividades deportivas estipulados no Plan Provincial Único, correspondentes ao desenvolvemento dun programa de actividades deportivas...”

DÉCIMO SEGUNDO.- En data 07 de maio de 2019, emítase informe do Servizo de Novas Tecnoloxías, verbo do programa de Administración electrónica e protección de datos, incluído no Plan único 2019, no que se sinala “(...) Revisadas as solicitudes presentadas polos 16 concellos anteriormente relacionados, cabe informar que se desprende das mesmas que ditos concellos, compren todos eles cos requisitos establecidos na base C.8. “Administración electrónica e protección de datos”, e na base 10ª.3. “Custos obxecto de financiación”, do citado Plan, isto é, que tales concellos solicitan a financiación do mantemento dos sistemas e aplicativos informáticos implantados ao abeiro dos convenios asinados coa Deputación no ano 2016 e que conforman os sistemas e servizos de administración electrónica e/ou a adecuación dos concellos ao novo Regulamento Xeral de Protección de Datos. Todo isto, sen prexuízo de que a documentación final xustificativa que presente cada concello, cumpra co disposto na base 21ª. “Xustificación da achega provincial”, e acredite que efectivamente se realizaron as actuacións para as que se solicita financiación no Anexo I de solicitude, en base ao cal se emite este informe”.

DÉCIMO TERCEIRO.- En canto ao programa de investimentos, encargouse a Unidade de Obras e Plans da súa comprobación e xestión. Comprobouse que todos os Concellos destinaron a investimentos como mínimo o 50% do total asignado neste Plan único, de acordo co establecido nas bases, e todos os concellos destinaron, dos seus recursos, o importe determinado como contía

mínima consonte co establecido nas bases, que se correspondía coa mesma aportación que fixeron ao POS na anualidade 2016.

Igualmente constátase que o Concello de Lugo destina o total da achega a investimentos como así o establece a disposición adicional primeira das bases deste plan único 2019.

Os concellos de Antas de Ulla e A Pontenova, ademais inclúen no plan único investimentos que están financiados, en parte, por axudas doutros entes: no caso de Antas de Ulla polo Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital; no caso de A Pontenova, pola Xunta de Galicia.

DÉCIMO CUARTO.- Pola Unidade de Obras e Plans do Servicio de Contratación e Fomento, á vista das propostas recibidas dos Concellos e dos informes das áreas xestoras dos distintos programas do Plan único, procedeuse á elaboración de dito plan único resultante estruturado segundo os distintos obxectos e programas solicitados, tal como se establece na cláusula 17 das bases, do cal se anexa copia, ao igual que da memoria do sinalado Plan Único 2019.

DÉCIMO QUINTO.- No presente informe indícanse que se cumpre os mínimos esixidos en canto a investimentos e SAF, así como o estipulado como teito de gasto para os programas C4 (actividades culturais); C5 (actividades deportivas); C6 (actuacións/eventos turísticos); C7 (feiras, mercados ou análogos) e C8 (administración electrónica e protección de datos), que non superan o 30% da contía atribuída a cada Concello nesta anualidade do Plan único, tal como establecían as súas bases.

Doutra banda, na tramitación do plan deuse participación aos concellos, consonte ao previsto no artigo 32.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o TRLRL.

Co Plan Único 2019, materialízase un instrumento preponderante de cooperación cos municipios, de acordo co previsto no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL).

DECIMO SEXTO.- En base ao disposto na Disposición adicional terceira das bases deste plan, “a deputación queda facultada pola adhesión dos concellos ao Plan único, para comprobar de oficio que cada concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado coa Comunidade Autónoma, coa Seguridade Social e coa propia Deputación provincial”. Esta entidade, dende o Servizo de Cooperación cos Concellos e Recadación procedeu a comprobar se os concellos estan ao corrente nas súas obrigas, detectándose que algún Concello figura con débedas, polo que de solicitar anticipo, este non será aboado ata que ditos concellos estean ao corrente nas súas obrigas tributarias con Estado, coa Comunidade autónoma, coa Seguridade Social e coa propia Deputación Provincial.

Visto o antedito, cos datos e informes obrantes neste Servizo de Contratación e Fomento, e a xuízo do informante, cumprense os requisitos establecidos nas bases do Plan único de cooperación cos concellos 2019, polo que se informa que procedería:

1.- Aprobar o Plan único de Cooperación cos concellos 2019, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, do que resultan os seguintes importes globais por programas.

<i>Programa</i>	<i>Achega Deputación (A)</i>	<i>Achega Concellos ou outras fontes de financiamento (B)</i>
<i>1.- Investimentos</i>	<i>14.209.295,04€</i>	<i>2.366.233,90€</i>
<i>2.- Axuda no fogar –SAF</i>	<i>1.961.585,91€</i>	<i>1.022.658,44€</i>
<i>3.- Fomento do Emprego</i>	<i>3.527.874,72€</i>	<i>32.318,36€</i>
<i>4.- Actividades Culturais</i>	<i>433.472,71€</i>	<i>50.439,44€</i>
<i>5.- Actividades deportivas</i>	<i>250.060,92€</i>	<i>153.788,77€</i>
<i>6.- Actuacións/Eventos turísticos</i>	<i>261.169,15€</i>	<i>28.383,87€</i>
<i>7.- Feiras, mercados e outros</i>	<i>237.154,21€</i>	<i>125.848,04€</i>
<i>8.- Administración electrónica e protección de datos</i>	<i>101.504,85€</i>	<i>5.313,51€</i>
<i>9.- Protección civil</i>	<i>17.000,00€</i>	<i>0,00€</i>
TOTAIS	20.999.117,51 €	3.784.984,33 €
TOTAL PLAN ÚNICO 2019 (A+B)	24.784.101,84€	

2.- Someter o plan único a información pública, por espazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación no BOP de anuncio ao efecto; se durante o prazo concedido non se presentase contra dito Plan único reclamación algunha, entendese aprobado definitivamente.

3.- Determinar que cando as achegas dos Concellos sexan voluntarias, inda que deban estar xustificadas no momento de presentar a conta xustificativa da actividade, non se esixa acreditar o seu aboamento, senón soamente acreditar os pagamentos polo importe da achega da Deputación.

4.- Determinar que este Plan único quede condicionado á entrada en vigor da modificación orzamentaria no presuposto de 2019, vía transferencia e suplemento de créditos, necesaria para facer fronte aos investimentos e actividades, que se tramite.

5.- Aprobar os modelos de cartel anexados, nas medidas estipuladas nas bases, que serán distintos segundo o investimento conte con financiación municipal ou non.

6.- Comunicar aos concellos a aprobación do Plan, debendo respectar as bases e esta aprobación en canto á súa execución e xustificación.

E canto procede informar, se prexúzo e con sometemento a calquera outro mellor criterio fundado en dereito”.

Visto o anterior, por esta Presidencia propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o Plan único de Cooperación cos concellos 2019, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, do que resultan os seguintes importes globais por programas.

Programa	Achega Deputación (A)	Achega Concellos ou outras fontes de financiamento (B)
1.- Investimentos	14.209.295,04€	2.366.233,90€
2.- Axuda no fogar –SAF	1.961.585,91€	1.022.658,44€
3.- Fomento do Emprego	3.527.874,72€	32.318,36€
4.- Actividades Culturais	433.472,71€	50.439,44€
5.- Actividades deportivas	250.060,92€	153.788,77€
6.- Actuacións/Eventos turísticos	261.169,15€	28.383,87€
7.- Feiras, mercados e outros	237.154,21€	125.848,04€
8.- Administración electrónica e protección de datos	101.504,85€	5.313,51€
9.- Protección civil	17.000,00€	0,00€
TOTAIS	20.999.117,51 €	3.784.984,33 €
TOTAL PLAN ÚNICO 2019 (A+B)	24.784.101,84€	

2º.- Someter o plan único a información pública, por espazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación no BOP de anuncio ao efecto; se durante o prazo concedido non se presentase contra dito Plan único reclamación algunha, entendese aprobado definitivamente.

3º.- Determinar que cando as achegas dos Concellos sexan voluntarias, inda que deban estar xustificadas no momento de presentar a conta xustificativa da actividade, non se esixa acreditar o seu aboamento, senón soamente acreditar os pagamentos polo importe da achega da Deputación.

4º.- Determinar que este Plan único quede condicionado á entrada en vigor da modificación orzamentaria no presuposto de 2019, vía transferencia e suplemento de créditos, necesaria para facer fronte aos investimentos e actividades, que se tramite.

5º.- Aprobar os modelos de cartel anexados, nas medidas estipuladas nas bases, que serán distintos segundo o investimento conte con financiación municipal ou non.

6º.- Comunicar aos concellos a aprobación do Plan, debendo respectar as bases e esta aprobación en canto á súa execución e xustificación”.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente, emitido favorablemente por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. Xosé Ferreiro Fernández membro do Grupo Provincial do BNG, e do Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, acordándose elevar a proposta ao Pleno para a súa aprobación se procede.

Intervén o Sr. Presidente, quen propón tratar conxuntamente ámbolos dos puntos sinalados na Orde do Día deste Pleno por tratarse de asuntos complementarios, sendo aceptada a dita proposta por tódolos Deputados presentes na sesión.

A continuación intervén o Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“Traemos a esta sesión plenaria dende o Goberno da Deputación as actuacións do Plan Único 2019, co que levaremos investimento a trescentos mil veciños dos 67 concellos da provincia, cun valor de 24,5 millóns de euros cos que impulsar as prestacións públicas, os servizos sociais, e o emprego, así como reactivar a economía da nosa provincia.

Son 16,7 millóns de euros que representan preto do 70% dos 24,5 millóns que achegamos ó Plan Único para a execución de 329 obras de mellora en prestacións públicas dos 67 concellos, que permitirán xerar ou manter un mínimo de 1000 postos de traballo para a súa realización.

Son 3 millóns de euros para o servizo a domicilio e a persoas non dependentes ás que non atende a Xunta de Galicia en 66 concellos da provincia, que permitirá ofrecer atención profesional a uns 3000 maiores da provincia, ademáis da contratación dun mínimo de 155 profesionais a xornada completa e durante un ano.

Con este orzamento ofrecemos atención ós nosos maiores con 330.000 horas. Son 3,6 millóns de euros para asumir os custes laborais pola contratación de 315 novos lucenses en paro nos concellos cos que reforzar as prestacións e os servizos municipais que ofrecemos ós veciños; todo isto a través do Depuemprego, falamos por exemplo de operarios de vías e obras, monitores de ocio e tempo libre, peóns, etc..

Unha cantidade de 650.000 euros para a celebración de 55 citas turísticas e gastronómicas en 44 concellos para dinamizar a economía local.

En cultura son 490.000 euros, para o desenvolvemento de 40 actividades culturais nos nosos 40 concellos; 400.000 euros para o desenvolvemento das 60 iniciativas deportivas en 42 concellos; 105.000 euros para mellorar equipos e implantar o servizo da administración electrónica; 17.000 euros para protección civil.

Como dicía, son máis de 24,5 millóns de euros dos que a Deputación achega, como sempre dixo este Goberno, 20 millóns; de feito hoxe aprobamos tamén a incorporación de remanentes para acadar este importante investimento.

A partires de hoxe mesmo os concellos poden solicitar un anticipo do 80% dos fondos que lles corresponden. Ofrecemos este adianto co obxectivo de inxectar 16 millóns de euros na provincia no mes de xullo. Unha vez aprobado o Plan Único así como a modificación orzamentaria, ábrese un prazo legal de 15 días para a presentación de alegacións, transcurrido este poderemos ingresar nas arcas municipais dos 67 concellos 19,6 millóns de euros.

Hoxe demostramos de xeito significativo que este Goberno traballa para os máis de 300.000 veciños dos 67 concellos da provincia. Cumprimos con dous obxectivos, en primeiro lugar dar resposta ás necesidades xenéricas de tódolos nosos veciños intensificando a mellora de dotacións públicas no rural, o emprego e os servizos sociais; atender dende unha Deputación coas persoas social e rural o que outras Administracións non fan na nosa provincia. Así mesmo dámos unha maior autonomía ós concellos como mellores coñecedores da situación dos seus veciños á hora de determinar os proxectos que levar a cabo.

O segundo obxectivo é reactivar a economía da provincia, priorizando os investimentos e establecendo que os gastos correntes fosen para a contratación de novos traballadores cos que xerar emprego e prestar servizos sociais”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Estamos ante un debate que xa demos moitas veces, xa temos falado longo e tendido do asunto. Dende logo para o BNG o que foi a instauración do Plan Único foi o mellor, e se me apuran un pouco, o único salvable deste mandato desta Institución; co cal, dado que dicindo que foi o mellor e posiblemente o único que se poda salvar do que pasou aquí nestes catro anos, lóxicamente non pode ter outro voto que non sexa o voto favorable do Grupo do BNG.

E dende logo o que non imos tampouco é cometer o erro dende o BNG de usar, tendo en conta que estamos en campaña electoral, a aprobación deste Plan Único coma unha arma arrojadiza, eu creo que por desgraza o único do que podemos estar orgullosos que levamos

adiante neste mandato; incluso non imos intentar atribuir méritos de quen o impulsou e quen non, simplemente está aí e vai quedar para o futuro, e cremos que vai ser moi complicado que alguén no futuro o poida volver atrás.

Simplemente pedir que os concellos, que hai que deixalo claro, son os que propoñen todo ese relato de obras que acaba de comentarnos o Sr. Vicepresidente, que os concellos que propuxeron todo ese tipo de actuacións aproveiten realmente esta oportunidade para todos e cadaún dos concellos da provincia, e que redunde no beneficio do conxunto da cidadanía.

É unha ferramenta moi potente que incluso habería que intentar ampliar no futuro, que non vai ter volta atrás, e nesa liña traballará o BNG. E dende logo, e creo que podemos anunciálo hoxe sen ningún tipo de problema, se temos ocasión, que estou seguro de que si, de estar nesta Institución nos próximos catro anos polo que respecta ó BNG seguiremos a traballar para afondar nesta liña, para que os concellos decidan no que queren investir o diñeiro, para dotalo de máis fondos se é posible.

Tamén lamentar o que pasou no pleno do mes de marzo onde puido incrementarse a cantidade que se destinou ó Plan Único en 1.500.000 euros, pero pola decisión do Goberno e do Partido maioritario non se fixo así. É unha mágoa, puideron ser 1.500.000 euros máis para o conxunto de tódolos concellos da provincia, só irá para uns poucos; pero algo se avanzou e nese sentido creo que nos temos que felicitar todos, e non imos poñer máis cuestións negativas ó respecto”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candía López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Antes de entrar no fondo do asunto, e anunciádoles por suposto o voto favorable, creo que tanto o Presidente coma o Voceiro do Goberno neste punto perderon unha ocasión que me parece absolutamente imprescindible para pedir desculpas públicamente polo que aconteceu na última sesión plenaria nesta Institución. Creo que os medios de comunicación, incluso a nivel nacional, se fixeron eco da falta de respecto máis grande sufrida nunha Institución pública, e creo,

aínda que por suposto non nos consideramos o Grupo que represento en absoluto responsables, que se o Presidente ou o Voceiro do Goberno non empezaron a sesión plenaria facendo ese xesto de humildade e por suposto pedindo desculpas ós lucenses, permítame que este Grupo o faga porque é unha maneira moi digna, dentro das circunstancias, de alo menos intentar devolverlle a honra a esta Institución que tanto dano lle fixeron.

Dito isto, aplaudimos a aprobación do Plan Único, pero outra vez máis alá de evitar o debate e a confrontación a que nos teñen acostumados e por suposto matemáticamente sen fundamento, e agora o demostrarei, todo o que debería ser un agradecemento a un apoio, que parece que vai ser unánime, non desaproveita a ocasión de malmeter ou enfrontarnos cunha Administración á que seguimos defendendo o seu compromiso coa nosa provincia. En primeiro lugar, e como dixemos moitas veces, pero non por dicilo moitas veces parece que é innecesario repetilo, o que vimos aprobar hoxe dos 20 millóns de euros é practicamente a mesma cantidade que a Xunta de Galicia asignou ós concellos no Fondo de Cooperación Local no propio ano 2018, e igualmente agora no ano 2019.

Gustaríame tamén agradecer por suposto todo o traballo de todo o persoal desta Institución porque nos consta que a elaboración do Plan Único tivo a súa complexidade burocrática, e por suposto a atención para cos concellos, e dígoo tamén en primeira persoa como Alcaldesa, foi absolutamente colaboradora e construtiva.

Pero dentro da autonomía que se permitiu ós concellos, que non foi toda a que este Grupo desexaría, pero tamén recoñecemos que se foi mellorando dende o primeiro Plan Único do ano 2017, os concellos poden asignar unha cantidade para financiar o servizo de axuda no fogar, servizo por suposto importantísimo e que dende logo marcou un antes e un despois xa non só no Plan Único, este Grupo levou moitas iniciativas dende a aprobación da Lei de Servizos Sociais do ano 2008, e concretamente dende o Decreto do ano 2012 que establecía un claro reparto de financiamento, onde no servizo de axuda no fogar para os non dependentes o financiamento dependía dos concellos e ademáis nomeadamente das Deputacións, mentres que tódalas Deputacións de Galicia fixeron un cumprimento dese Decreto de Servizos Sociais no caso desta Institución dende ese ano ata o ano 2015 en que tivemos catro meses responsabilidades de goberno,

e que pasamos da consignación de 600.000 a 1,2 millóns de euros, foi a primeira vez que esta Institución cumpriu con esa obriga legal que ata o momento presumía de vivir na insubmisión e dábanlle certas migallas como daban no Plan de Obras e Servizos; iso, que agora son os concellos os que elixen a cantidade que destinan ó servizo de axuda no fogar, cunha cantidade mínima respecto a anualidades anteriores como establecen as bases, creo que foi un mal exemplo para ir á confrontación porque se cadra, máis ca ningún outro, está dentro das obrigas e das competencias desta Institución. Esta Institución a única competencia, que non por ser só unha non deixa de ser moi importante, é a asistencia técnica, económica, e xurídica ós concellos, e fundamentalmente ós concellos pequenos.

O que pasou, e coincido nese aspecto co discurso, dentro do que cabe o máis conciliador posible, de non converter este instrumento tan útil nun debate político, de feito tivemos que tirarlle das orellas ó Presidente nalgunha ocasión por ese mal uso naqueles concellos onde non gobernaba o Partido Socialista, onde se utilizaba unha comunicación dando un paseo co noso Voceiro e se explicaban determinadas obras, era absolutamente irrespectuoso, pero vostedes están moi acostumados a intentar negociar coas forzas políticas cando non lle queda outro remedio, e ese apretón de man conciliador por enriba da mesa e esa patada por debaixo tan pronto teñen ocasión; iso que veñen acostumados a facer evidentemente acentúase na época electoral, pero iso realmente foi unha praxis que incluso levou a modificar as bases.

O Plan Único veu corrixir oito anos, que ninguén quere xa recordar pero evidentemente estamos obrigados a facelo, de auténtico sectarismo e uso discriminatorio dos recursos de tódolos lucenses.

E para rematar o meu primeiro turno e cinguirme ó tempo da intervención, vou ilustrar cos datos do último exercicio presupostario que tiñan responsabilidade de goberno o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego; e vou enumerar o número de convenios que se asinaron no ano 2014 con 52 subvencións excepcionais sumando a cantidade de case cinco millóns e medio de euros, dos cales reciben tres millóns case trescentos mil euros concellos gobernados polo Partido Socialista, un millón douscentos mil concellos gobernados polo BNG, ben saben que por aquel entóns tampouco eran moitos e levárono practicamente tódolos concellos que tiñan un Alcalde

do BNG, e un 11%, seis das cincuenta e duas, concellos gobernados polo PP, concretamente 574.000. Vaia un recordo a todos aqueles Alcaldes que conseguiron sobrevivir a pesares desa auténtica seca e esa condena ó ostracismo por parte daquel goberno, que hoxe é pasado e que efectivamente non se volva repetir, seguramente sexa así, pero que está ben recordar”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito quen manifesta que reserva a súa intervención para o segundo turno.

Seguidamente intervén o Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo, en representación do Goberno Provincial, para dicir o seguinte:

“En primeiro lugar agradecer esta boa disposición a aprobar un Plan Único que, a piques de rematar un mandato, é de todos, impúlsao o goberno da Deputación pero é certo que sen o resto de actores que estamos neste Salón non poderíamos levalo a cabo.

Creo que o Plan Único é un grandísimo traballo e un exemplo do que se debe facer en política, que se fixo neste mandato e nesta Deputación a pesares de tódolos pesares. E tócame corrixir algo do que dixen antes referíndome ó adianto, dixen que era do 80% pero realmente é do 50%, pido desculpas por iso, e en lugar de vinte son vinte e un millóns de euros.

Non me gustaría entrar a recordar tempos pasados porque se imos a iso tamén tería que falar do meu concello en concreto e tería moito que dicir, pero non imos entrar niso, estamos a piques de rematar unha lexislatura e ás portas dunhas eleccións que van ser o próximo domingo, e creo que este consenso necesario para sacar adiante un tema coma o Plan Único é digno e é loable que se faga dun xeito tranquilo como esperamos ter o pleno do día de hoxe, e sobre todo resaltando a conformidade, o apoio, e resaltando que isto é para os veciños da nosa provincia para que este vindeiro ano teñan unha inversión segura e asegurada dende a Deputación de Lugo; e vai quedar ese bo sabor de boca desta lexislatura que é o Plan Único, espero que o Plan Único viñera para quedar, alo menos do que dependa de nós no futuro vai ser para quedarse; e por suposto poñer en valor esas cousas positivas que se fixeron dende esta Deputación nestes catro anos que levamos gobernando. E darlle as grazas a todos por ese bo talante”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para anunciar o seu voto a favor.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“A verdade é que non iamos usar este turno de intervención, pero para non usar este Plan Único coma unha arma electoral a verdade é que cando menos na intervención a Voceira do Grupo Popular deixou caer unhas perlas que é difícil non contestar.

Eu dixen na intervención anterior, falando en nome do BNG, que era un punto e aparte e que todo ía ser distinto a partires do Plan Único; se hai que falar de pasado tampouco hai ningún problema, falamos; pero se falamos dos últimos oito anos haberá que falar dos anteriores vinte e catro onde isto era unha cova literalmente, onde se apoiaba a quen se apoiaba e ós outros non é que non se lle dera nada é que se machacaban, por tanto é mellor non falar de todo iso porque entón haberá que falar un pouco de todo; ou haberá que falar dos que durante os últimos oito anos antes deste mandato non presentaron nin un só proxecto que demandara un convenio coa Deputación, nin unha soa entrevista co seu Presidente ou co seu Vicepresidente para que recibira algo da Deputación, e agora queixanse moito pero nunca pediron nada, haberá que falar diso, cando non había nada parecido ao Plan Único que hai agora.

Non estamos falando de todo iso, senón que estamos falando de que no segundo ano deste mandato instaurouse unha forma distinta de concebir o reparto dos fondos públicos da Deputación, algo que é positivo e do que todos nos alegamos; por tanto non esteamos falando do que pasou antes porque entón aquí todo o mundo ten moito que rascar, e non é esa a cuestión. Aquí trátase de que é algo positivo, porque oíndo a intervención parece coma se a Deputación decidira en qué se gastan os cartos do Plan Único, e non é así, quen decide en que se gastan son os concellos coa súa autonomía municipal, son os que deciden se van para novas tecnoloxías, se van para pistas, para temas sociais, etc., non nos equivoquemos, e logo se intenta vendelo o goberno da Deputación como algo propio é outra cuestión, pero é a autonomía municipal, e todos estamos a favor.

E dende logo hai que afondar máis nisto cara ó futuro, non hai outra solución, e non lle deamos máis voltas nin vaíamos á época feudal para ver que pasaba neste país porque non ten nada que ver, era un mundo completamente distinto e un reparto de fondos que nada ten que ver co que pasou a partires do ano 2016-2017, eran outras mentalidades que nos poden gustar máis ou menos.

O único bo deste mandato, quedemos con iso, e dende logo que ninguén intente cambiálo no próximo mandato aínda que teña maioría absoluta porque senón vai ter moitos problemas se se mete nesa dinámica”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candía López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Se algo me caracterizou, así como tamén ó Grupo que represento, cada vez que defendemos nos seis ou nos tres minutos que se nos dá ocasión en cada punto é traer a información documentada, e se pode ser con céntimos e con datas mellor; creo que é a nosa responsabilidade e que o traballo da oposición require da mesma rigorosidade có do Goberno.

Dicir que o ano 2014 é a época feudal, eu xa sei que cando un está a gusto parece que o tempo pasa máis rápido, e certamente estes catro anos foron bastante difíciles e probablemente ata vostede non estivo moi a gusto, pero o que é absolutamente indiscutible é que o 2014 foi antonte; e o que é absolutamente indiscutible é que o que cambiou entre o ano 2014 e agora é que hai un goberno en minoría que se quería sacar adiante os Orzamentos cunha oposición probablemente do máis colaboradora que teñen as Institucións, e podemos facer unha boa comparativa en todo o territorio nacional, porque probablemente sexa das únicas Institucións cun goberno do Partido socialista que sacou adiante algúns acordos facilitados e apoiados co Partido Popular, probablemente sexa o único de España, e precisamente naqueles momentos onde o líder nacional do Partido Socialista dicía a típica frase de “no es no” e todo o mundo tiña claro que, aínda que fora absolutamente imprescindible para o ben do país, encorsetábase na súa estratexia electoral e non tiña ningún tipo de sensibilidade aínda que fora algo bo para o país.

Neste caso este Grupo intentou mirar o que era bo para o país, á marxe de máis ou menos réditos electorais que, como lle digo, consentiamos que o Presidente viñera tomar un café cos nosos voceiros e a dicir que todo o que estaba alí o pagaba o Partido Socialista, porque ata non dicía a Deputación; e tamén podo dicir titulares e datas.

Creo que se perdeu unha ocasión histórica para dar un exemplo de cordialidade, porque era obvio que vostedes estaban como estaban, alo menos aquí dentro, e o mellor de todo era evitar os debates, facer plenos de mero trámite e intentar gobernar, que era o que tiñan que facer, e nós axudar na medida das nosas posibilidades. A pesares diso intentaron, como aínda o intentan hoxe, provocar e montar circos que desgrazadamente sempre acababan sendo os protagonistas do esperpento xente do Partido Socialista.

A pesares diso temos a obriga de facer un esforzo e de intentar axudar; e isto non é un proxecto da Deputación, aí coincido co Bloque Nacionalista Galego, é un proxecto de 67 Alcaldes que deciden, non con tanta autonomía como di o Voceiro do BNG, porque aquí hai unhas bases que nalgúns aspectos son bastante encorsetadas, aínda que algunhas cousas se melloraron pero creo que aínda se pode mellorar máis, e aí é onde podemos facer aportacións no futuro e será a próxima Corporación, pero son 67 proxectos; se algo criticamos dende este Grupo é que precisamente aqueles proxectos que tiñan que liderar a provincia e que tiñan que ter ese carácter provincial e ser dinamizadores de setores estratéxicos, probablemente fora do que máis se botou en falta e do que entendemos que a xestión deste goberno suspendeu.

A xestión dos Alcaldes seranos avaliada dentro duns días, pero en todo caso este foi un instrumento útil e permitiu paliar verdadeiras necesidades en moitos concellos que levaban moitísimos anos, porque oito si que son moitos anos, con moi pouca axuda do Ente provincial; e tampouco é que sexa unha opinión subxectiva, falaba dos datos do ano 2014 e eu entendo que o Alcalde da Fonsagrada estivera satisfeito porque levou no ano 2014 el só a mesma cantidade nun convenio excepcional ca levaron tódolos concellos que gobernaba o Partido Popular, iso son matemáticas, e non hai moito máis que opinar; e, grazas a Deus e á súa minoría, hoxe é pasado, e iso é o que aplaudimos”.

Intervén o Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo, en representación do Goberno Provincial, quen manifesta o seguinte:

“Reiterar ese agradecemento a esta aprobación do Plan Único.

Vostede, Sr. Candia, volve incidir sobre tódolos temas que aconteceron nesta lexislatura, volve falar do ano 2014, pero eu pódolle falar do ano 2015 cando no seu escaso mandato asinou convenios cos seus Alcaldes por un importe bastante importante. E se algo se fixo con relación ó concello da Fonsagrada no ano 2014 non ven suplir as carencias que tivo en anos anteriores cando gobernou o Partido Popular nesta Deputación, porque naquel tempo nin auga.

Por tanto eses son tempos pasados, felicitémonos por un traballo ben feito, nós gobernamos en minoría, o que é arduo e duro, pero o que está claro é que debemos sacar en positivo todas estas cousas que son as que nos fan grandes precisamente despois de gobernar en minoría, e non volvamos incidir sobre temas dos que todos temos moito que falar”.

Rematado o debate, efectuada a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

COMISION DE ECONOMÍA, RECADACIÓN E FACENDA

2.- MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN 2019, VÍA TRANSFERENCIA E SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

Logo de ver a proposta sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Vistas a memoria e proposta de Presidencia para aprobación do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2019, (en adiante Plan Único), e informes do expediente así como o informe de Intervención sobre modificacións de crédito e demais documentación, é preciso adecuar os créditos previstos no orzamento aos necesarios para executar o Plan Único mediante transferencia de crédito, e así mesmo suplementar as dotacións que resultan insuficientes,

considerando a necesidade e urxencia de executar as actuacións reflectidas nel, segundo figuran nas memorias que acompañan os expedientes, propónse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, mediante transferencia de crédito polo importe de 11.028.382,85€, co seguinte detalle:

Aplicacións Orzamentarias		Incremento	Diminución
1330.76201	Ordenación do tráfico e do estacionamento	21.822,00 €	
1350.46201	Protección Civil	17.000,00 €	
1350.76201	Protección Civil	13.563,52 €	
1361.76201	Outros servizos de extinción de incendios	33.834,37 €	
1532.76201	Pavimentación de vías públicas	502.469,02 €	
1600.76201	Rede de sumidoiros	447.136,67 €	
1610.76201	Abastecementos	488.443,54 €	
1621.76201	Recollida de lixo	19.199,80 €	
1630.76201	Limpeza viaria	4.912,60 €	
1650.76201	Alumeado público	397.972,61 €	
1711.76201	Parques e xardíns	276.422,13 €	
1720.76201	Protección e mellora do medio ambiente	137.257,36 €	
2314.46201	Prestación de servizos a persoas dependentes e asistencia social	1.961.585,91 €	
2315.76201	Centros de atención a maiores	45.415,47 €	
2410.46201	Fomento do Emprego	3.527.874,72 €	
3210.76201	Centros de atención á infancia	91.619,65 €	
3340.46201	Promoción cultural	445.472,71 €	
3340.76201	Promoción cultural	293.626,13 €	
3410.46201	Promoción e fomento do deporte	250.060,92 €	
3410.76201	Promoción e fomento do deporte	677.968,01 €	
4190.46201	Outras actuacións en agricultura, gandería e pesca	175.662,45 €	
4312.76201	Mercados, abastos e lonxas	21.317,91 €	
4320.46201	Información e promoción turística	307.660,91 €	
4320.76201	Información e promoción turística	91.543,70 €	
4390.76201	Outras actuacións sectoriais	6.000,00 €	
4910.46201	Sociedade da Información	104.504,85 €	
9200.76201	Servizos de carácter xeral	408.946,25 €	
9330.76201	Patrimonio	259.089,64 €	
9240.46201	Transferencias Correntes a Entidades Locais Territoriais, Plan Único		4.982.500,00 €
9240.76201	Transferencias de Capital a Entidades Locais Territoriais, Plan Único		6.045.882,85 €
TOTAIS		11.028.382,85 €	11.028.382,85 €
TOTAL AREA DE GASTO 1		2.360.033,62 €	
TOTAL AREA DE GASTO 2		5.534.876,10 €	

TOTAL AREA DE GASTO 3	1.758.747,42 €	
TOTAL AREA DE GASTO 4	706.689,82 €	
TOTAL AREA DE GASTO 9	668.035,89 €	11.028.382,85 €

2.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito polo importe de 9.970.734,66€, co seguinte detalle:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Aplicacións orzamentarias		Importe
1531.76201	Acceso ós núcleos de poboación	8.837.828,19 €
1532.76201	Pavimentación de vías públicas	1.132.906,47 €
TOTAL		9.970.734,66 €

Financiamento:

<u>Concepto Ingresos</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
870.00	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	9.970.734,66 €

3.- Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no BOP, todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas”.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente, emitido favorablemente por unanimidade, acordándose elevar a proposta ao Pleno para a súa aprobación se procede.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e trinta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.